

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 09 de maio de 2024 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 03 de abril de 2024.
- * Aprobación da selección dunha área de coñecemento para participar na convocatoria dunha praza de profesorado Titular de Universidade correspondente a persoal investigador “Ramón y Cajal” -OEP 2022.
- * Aprobación da solicitude de comisión de servizos de Santiago Lago Peñas.
- * Aprobación das memorias de programas académicos de percorridos sucesivos (PARS) para o curso 2024/25.
- * Aprobación das modificacións non substanciais dos títulos de grao para o curso 2024/25.
- * Aprobación das propostas de memoria dos másters de formación permanente: Enfermería de Práctica Avanzada en Urxencias e Coidados Intensivos e Auditoría e Contabilidade.
- * Aprobación do Regulamento de réxime interno do Centro de Posgrao e Formación Permanente (CPFP) da Universidade de Vigo.
- * Aprobación da convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2024.
- * Aprobación da proposta de cesión da Universidade de Vigo da titularidade de patentes e rexistros de propiedade intelectual desde a Fundación Profesor Novoa Santos.
- * Aprobación da modificación do Regulamento de réxime interno do CIM.
- * Aprobación da creación da empresa spin-off ECOLABO PLUS, S.L.
- * Ratificación da proposta de nomeamento dun vogal da Comisión de Publicacións, sector estudiantado de mestrado ou doutoramento: Pablo Vilas Santamaría.
- * Aprobación dos parámetros de ponderación de materias troncais de modalidade e materias de opción da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia. Acceso ao curso 2025/2026.
- * Aprobación da modificación da normativa de recoñecemento mutuo de créditos ao abeiro do programa de intercambio.
- * Ratificación da proposta de nomeamento dun novo membro na Comisión de Mobilidade Internacional, sector estudantes: Samuel Fernández Torre.
- * Aprobación da proposta de nomeamento como Doutora Honoris Causa de Dona María Emilia Casas Baamonde.

- * Elección dunha representante na Comisión delegada de Investigación e Transferencia, delegada de Consello de Goberno, polo sector PDI:
 - María de los Angeles Peña Gallego.

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.